O Tombo de Samos é unha reliquia do século XIII, un códice que inclúe documentos relativos á vinculación das terras que hoxe conforman o Concello de Samos con distintos monarcas galegos, e como as súas posesións chegan a distintas áreas do territorio galego. Orixinariamente en latín, foi traducida ao galego por Xaime Félix Arias. Isto deu como resultado esta obra cuxa edición, tratada como prioritaria debido á relevancia do documento, vén de ver a luz da man da editorial Canela.

Texto
LAURA PIÑEIRO

Detalle dunha das páxinas do Tombo de Samos.
/ X. M. Salgado

Testemuño dunha época

O TOMBO DE SAMOS

Efrén Castro, María Jesús López e Pablo Quintana, con exemplares da tradución do Tombo. / Cedida

O AVOGADO E INVESTIGADOR XAIME FÉLIX ARIAS DEDICOU MÁIS DE TRINTA ANOS A TRADUCIR E DAR CONTEXTO AO CÓDICE

prestixio na difusión da cultura tradicional galega e asturiana. Esta publicación contou coa colaboración do Concello de Samos e a Área de Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Dita edición é chave para o Concello de Samos, nomeadamente para a súa alcaldesa, María Jesús López, quen, tras decatarse de que existía esta tradución, empregou todos os recursos precisos para a correcta distribución do mesmo, compartindo con Arias a pretensión de que a cidadanía coñeza a historia da súa vila.

A historia medieval galega, en ocasións descoñecida e esquecida por falta de recoñecemento ao Reino da Galiza e agochada pola historiografía oficial co obxectivo de lexitimar a unidade do Estado, rexorde cando existe a oportunidade de achegarse a documentos como o Tombo de Samos. Neste códice inclúense até douscentos cincuenta documentos que son cruciais para constatar o vencello entre a actividade do Mosteiro de Samos e os reis galegos desde o século IX, no que se inicia a súa elaboración, até o séc. XIII. Este recoñecemento está a facerse aínda máis patente grazas á tradución do mesmo á lingua galega, encargada ao avogado e ex cronista oficial do Concello de Sarria Xaime Félix Arias 'Arlindo', editor do boletín *Seminario de Estudos Galegos*. Arias realizou unha detallada investigación e tradución, estendida ao longo de 650 páxinas, de cada un dos documentos incluídos no Tombo a partir da compilación e estandarización realizada por

A TRADUCIÓN AO GALEGO DO TOMBO DE SAMOS RESCATA DOUSCENTOS CINCUENTA DOCUMENTOS CLAVE PARA ENTENDER A HISTORIA MEDIEVAL DA GALIZA

Manuel Lucas Álvarez. Esta investigación iniciouse no ano 1989, polo que durou máis de trinta anos e tivo como obxectivo, segundo explica o propio Arias, poder "achegar á xente normal e corrente" o "orgullo" que supón a relevancia histórica que tivo o mosteiro de Samos, ademais de facer coñecedores a veciños e veciñas da historia que rodea á súa vila. "Como foi Samos como institución relixiosa e como cultural, e sinalar como era, practicamente, o universo que xiraba ao redor do mosteiro", afirma. Ademais, que sexan conscientes das orixes das súas propiedades familiares, "como algúns destes mosteiros desapareceron co tempo pero quedaron comunidades patrimoniais, os priorados". Arias Recalca a importancia de que todos estes coñecementos se espallen "na lingua do país", reforzando así a identidade da xente da zona.

A edición correu a cargo da editorial Canela, dirixida por Pablo Quintana, editora de recoñecido

O códice

Trátase dunha compilación de documentos cuxo orixinal foi escrito nun pergameo en pel de ovella e cabra. Desde finais do século pasado, o orixinal está a ser custodiado na actualidade no arquivo universitario, en Santiago de Compostela. O feito de atoparse na Galiza engade, segundo María Jesús López, "un valor extra" a este tombo fronte a outros, como os de Sobrado ou Celanova, que están en distintos arquivos en Madrid.

O valor desta peza reside na súa achega á narración da historia política e social da Galiza durante catro séculos a través do reflexo dos bens pertencentes ao mosteiro de San Xián de Samos. Deste xeito, é unha proba, con creces, do vencello entre este mosteiro e a nobreza galega, pois nel atópanse até trinta e tres privilexios outorgados por distintos reis, como Ramiro I, Ordoño I, Afonso II ou Afonso III, sendo o primeiro deles a concesión dun couto por parte do monarca Afonso II no ano 811, no momento da restauración da

Detalle interior do Tombo de Samos. / X. M. Salgado

vida monástica, tratándose da concesión máis antiga da que hai rexistro. Esta concesión delimita o terreo ao redor do Mosteiro, outorgando unha propiedade que pertenceu á orde de Samos até a desamortización dos bens eclesiásticos no 1835. A última das concesións incluídas no arquivo ten data do ano 1209. Porén, tamén hai un rexistro de expropiación –entendida como 'roubo' desde o Tombo– do ouro e prata, efectuada por Dona Urraca (raíña no séc. XII), compensado, non obstante, coa doazón de novos terreos.

O Tombo, alén notificar os distintos privilexios reais, actuaba como unha sorte de rexistro da propiedade –débese lembrar que non contén os documentos da época, senón un censo deles–, de modo que quedaban alí inscritos todos os bens da comarca. Precisamente por isto se traduce o códice, tal e como se dixo, porque este foi testemuña da división dos territorios do mosteiro ao longo dos séculos. Esta función tamén serve para fixar documentalmente todo o referido aos mosteiros, situando así, por exemplo, os condados ou os mosteiros que se atopaban ao redor do de Samos, permitindo unha investigación cartográfica sobre a xeografía da comarca, un traballo que Xaime Félix Arias cualifica de "pouco habitual". Para ilustrar isto, a edición de Canela inclúe un mapa no que se amosan os mosteiros que se relacionaron co de Samos, non tanto en canto á distancia xeográfica, senón á vinculación noutros eidos.

A historia do pobo

Mais no Tombo de Samos non só se recuperan os documentos relacionados coas clases dirixentes e poderosas (clero, señorío), senón algúns rexistros nos que se reflicte a historia no relativo ao pobo en xeral, nomeadamente ás masas populares. Isto reflíctese nos rexistros familiares, nos que se incluían os servos e o seu propio historial familiar –contabilizados como propiedades, que se podían doar ou repartir–, os impostos reclamados a cada cidadán, ou

O TOMBO DE SAMOS RECOLLE PRIVILEXIOS REAIS DESDE O SÉCULO IX ATÉ O XIII, COMO A CONCESIÓN DUN COUTO FEITA POLO REI AFONSO II NO ANO 811

os rexistros nos documentos de prácticas habituais, realizadas por toda a poboación. Un exemplo deste tipo de prácticas é o caso do rexistro de realización ou ameaza coa 'proba caldaria', levada a cabo pola administración de xustiza, para as testemuñas dos xuízos, que tiñan que mergullar os brazos en auga fervendo "para comprobar que dixeran a verdade". Deste modo, confirman os escritos, un brazo escaldado indicaba que a testemuña mentira, mentres que un brazo intacto indicaba a honestidade do testemuño.

Atopábanse, en resumo, rexistros de moitos dos movementos da vila, desde o asasinato de servos, ou as persoas que habitaban o propio mosteiro, que podían ser, por exemplo, xente cunha minusvalía, e non contaban, necesariamente cun status social elevado.

Aliás, dentro da historia do documento hai un episodio de desaparición do mesmo que abrangue un período de 150 anos, nomeadamente no séc. XIX. Durante a Desamortización

Vista aérea do mosteiro de Samos (comarca de Sarria). / X. M. Salgado

de Mendizábal, levada a cabo polos gobernos liberais na década de 1830, expulsáronse os representantes monacais de Samos. O Tombo desaparecería, mesmo daríase por perdido unha vez recuperada a vida monacal, no ano 1880. Non foi até a década de 1980 que se recuperou, cando apareceu, casualmente, na Universidade de Santiago de Compostela, de mans dunha persoa que o achegou para mostralo e consultar a súa procedencia. Ao redor desta reaparición hai unha lenda popular que relata que se descubriu entre as pertenzas dunha casa en Samos, cuxo tellado voou por mor do furacán Hortensia no ano 1984.

O MANUSCRITO DETALLA TAMÉN A VIDA DO POBO COMÚN: SERVOS, IMPOSTOS, DOAZÓNS E PRÁCTICAS DE XUSTIZA COMO A 'PROBA CALDARIA'

O contexto histórico

Durante os séculos que se recollen nos documentos do Tombo, o mosteiro de Samos, pertencente á orde benedictina, de gran peso en Europa, sufriu unha profunda evolución e transformación, que estivo marcada pola consolidación dos reinos cristiáns do norte peninsular, nomeadamente os reinos da coroa galega. A introdución, xa desde o séc. VI, da Regra de San Bieito consolidou a vida monástica segundo os principios do monacato beneditino, impulsando a oración, o traballo e o estudo a través do 'ora et labora'. Neste mesmo século foi cando se estabeleceu o mosteiro de Samos, rexistrado como un dos mosteiros con vida monacal máis antigos de toda a Cristiandade. De feito, a referencialidade e influencia fai que o rei Afonso II –o monarca que descubre o sepulcro e edifica a primeira basílica– demarcou o couto da nacente Compostela, seguindo o modelo do couto xurisdiccional de Samos: un círculo, ou "xiro" de unha milla e media de extensión. Isto fai que ambos os coutos sexan idénticos.

A súa consolidación ao longo dos séculos levou a que no século X, Samos se convertera nun centro de referencia espiritual e económica, con amplos dominios agrícolas e influencia na comarca de Sarria. De feito, non pertencía a ningunha diocese, era un lugar autónomo, a nivel civil e eclesiástico, de xeito que, segundo explica Xaime Félix Arias, "o abade de Samos tiña un carácter quase-episcopal, calquera propiedade dependente do Mosteiro de Samos era clasificada como *nullis diocesis*", o que o tradutor considera que está mesmo por enriba –en canto a poder– do propio bispo de Lugo.

Ademais, as propiedades do mosteiro de Samos non se limitaban á comarca, senón que se estendían a distintos puntos de todo o país, con rexistros de decenas de propiedades que chegaban até o Bierzo polo leste, e até o Salnés polo o oeste. Estas terras foron, posteriormente, flutuando, até quedar, aproximadamente coa zona comprendida entre o río Neira e o río Sil.

O poder político exercido polo Reino da Galiza con monarcas como Ordoño II, Ramiro II e Bermudo II, continuaba o legado de protección dos centros monásticos, sucedidos desde a corte asturiana nos séculos anteriores, que se esforzaba en reforzar as ordes monacais cristiás para a 'recuperación' do territorio tras a chegada dos musulmáns á península. Este pulo realizouse a través de doazóns e privilexios, reflectidos no propio Tombo.

DESAPARECIDO NO SÉCULO XIX, O CÓDICE FOI REDESCUBERTO NA DÉCADA DE 1980 NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A dialéctica política e social nos séculos posteriores, nomeadamente entre XI e XIII, estivo marcada polo acceso á coroa galega da dinastía de Borgoña, que actuou para manter a hexemonía do Reino da Galiza no espazo cristián peninsular. Neste sentido, as clases dirixentes desta realidade política procedían da Galiza nuclear, sendo unha expresión desta realidade Fernando II e Afonso VIII, enterrados no Panteón Real da Catedral de Compostela.

O ámbito monacal, nomeadamente o mosteiro de Samos, tivo un papel dentro deste auxe, xa que actuaba como foco relixioso, educativo e administrativo, o que se reflicte na gran cantidade de documentos recuperados a través do Tombo de Samos. Outro dos motivos polos que destaca o Reino da Galiza é a promoción do Camiño de Santiago, situándose Samos no corazón do mesmo, o que outorga novas oportunidades ao mosteiro, que ofrece acollida aos peregrinos e fortalece o seu papel hospitalario.

María Jesús López e Xaime Féliz Arias co Tombo de Samos. / X. M. Salgado

O proceso de tradución e edición

A creación desta edición do Tombo de Samos non se limitou á tradución. Anteriormente, Xaime Félix Arias tivo que ordenar e clasificar todos os documentos que este comprendía, separando os documentos reais, e organizándoos atendendo a criterios xeográficos e cronolóxicos, desde o máis antigo, referido ao mosteiro de Santo Estevo de Calvón, no ano 785, que se crea suxeito ao de Samos, nunha nova proba da extensión das terras que pertenceron a este mosteiro, até o máis tardío.

Esta tradución foi froito do descubrimento de Xaime Félix Arias da edición do Tombo de Samos, o que o alentou a comezar a traducir toda a documentación relacionada coa comarca de Sarria. A tradución iniciouse, por tanto, a partir de estudos localizados para, finalmente, ser completada coa tradución da totalidade do Tombo.

Para a realización da mesma, Xaime Félix Arias concreta que estudou "o estilo literario e o latín da época", un latín medieval e eclesiástico. Ademais, ao tratarse de documentos administrativos, moitos deles estaban estandarizados, e repetían fórmulas diplomáticas e estruturas, especialmente na introdución, aínda que se variaba no corpo do documento ou na conclusión.

A TRADUCIÓN DE ARIAS BUSCA ACHEGAR Á VECIÑANZA O ORGULLO POLO SEU PASADO E DIVULGAR, NA LINGUA DO PAÍS, A IMPORTANCIA HISTÓRICA E CULTURAL DO MOSTEIRO DE SAMOS

Esta última era moi frecuente nos acordos, nos que variaban as penas impostas para quen os incumprise.

A meirande dificultade da tradución deste tipo de documentos, explica, residía en identificar e comprender o estilo de cada escribán, cada 'notario', que, en moitos casos, interviña no propio documento, alén da cuestión lingüística, para emendar un erro, ou que fai certas anotacións para beneficio propio. Sentencia Arias que "a Idade Media está chea de falsificacións e de bispados que escribían como lles interesaba". Ademais, cada un dos escribáns empregaba unha distinta variedade xeográfica ou mesmo un estilo propio, cunha certa unificación dos estilos en cada un dos mosteiros, consecuencias de non contar cun modelo de lingua estandarizado. Deste modo, unha vez que foi consciente de certos usos da lingua característicos da escribanía de Samos, a tarefa resultou moito máis sinxela. Trinta anos despois, grazas á editorial Canela, temos nas mans o froito do seu traballo.